

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA  
16 DE MARZO DE 2018**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ

MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA

ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

MARÍA ISABEL POISA REY

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS 20.00) do dia DEZASEIS de MARZO do DOUS MIL DEZAOITO, previamente convocados, reun3ronse os Sres. Concelleiros 3 marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco Garc3a Su3rez, a fin de celebrar unha sesi3n extraordinaria polo Pleno da Corporaci3n.

Sen incidencias.

## ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 23.02.2018.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Dar conta do Decreto de data núm. 62 de data 28.02.2018 polo que se aproba a liquidación do exercicio 2017.**
4. **OPERACIÓN DE CRÉDITO A CURTO PRAZO.- Aprobación, se procede, dunha operación de crédito a curto prazo por razóns de tesourería con CaixaBank.**
5. **CONVENIO URBANÍSTICO.- Aprobación inicial, se procede, dun convenio urbanístico para a execución da Área de Reparto 122 (AR-122).**
6. **Rogo e preguntas.**

---\*\*\*---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 23.02.2018.**

En relación con este asunto, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, solicita que se reflecta en acta o nome de José Luis Cid Babarro, que foi quen, no nome da familia de don Luis Cid "Carriega", fixo unha breve intervención para agradecer ó concello a declaración institucional.

Con esta aclaración, por acordo unánime dos trece concelleiros que legalmente integran esta Corporación local aprobouse o borrador da acta correspondente sesión 23.02.2018.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o Alcalde.

3. **Dar conta do Decreto de data núm. 62 de data 28.02.2018 polo que se aproba a liquidación do exercicio 2017.**

Sinala o Alcalde que, como ven sendo habitual por parte do concello de Allariz estase aprobando en tempo e forma tanto o orzamento como a súa liquidación e tamén o envío ós órganos fiscalizadores. Neste sentido, con data anterior ó 1 de marzo procedeuse á aprobación da liquidación correspondente ó 2017, deuse conta na comisión de facenda e fíxose entrega aos grupos dos estados económicos da mesma. A liquidación do exercicio 2017, a xuízo do Alcalde, ten unha valoración positiva por canto o resultado orzamentario do exercicio presenta uns ingresos de 5.720.528 euros sobre un orzamento aproximado de seis millóns e un gasto de 5.418.492 euros, é dicir, un resultado positivo de 302.035 euros. Destaca o Alcalde o comportamento dos ingresos ordinarios que volven estar situados nos cinco millóns de euros, 5.485.010 euros, dos que 1.797.345 euros corresponden ó capítulo 1 (IBI, IAE), 35.217 euros ó capítulo 2 (imposto sobre construcións), 1.579.994 euros polas taxas e prezos públicos (capítulo 3) e polo capítulo 4 liquidáronse 2.084.362 euros. En materia de gastos, 2.207.267 euros polo capítulo 1 (persoal), 1.930.925 euros (capítulo 2), 77.884 euros (capítulo 3) e 71.842 euros (capítulo 4). A diferenza entre os ingresos ordinarios e os gastos ordinarios arroxa un resultado positivo de 1.197.157 euros, o cal

significa un 21.8% de aforro bruto. Destaca tamén co aspecto positivo que o orzamento teña un grao de execución de 774.992 euros en inversións e 355.647 euros de amortización de préstamos a longo prazo, e 125.000 euros de amortización das pólizas de crédito, situando a débeda municipal por debaixo do 75%. Por último, o Alcalde sinala que o cumprimento dos obxectivos marcados pode cualificarse de xeito positivo como tamén en relación ós indicadores de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra de gasto e do remanente positivo de tesourería que se sitúa en 51.165 euros.

Seguidamente, o Pleno tomou razón da Resolución de aprobación da liquidación correspondente ó exercicio 2017, dictada polo Alcalde nos seguintes termos:

**Expediente núm.:** PC2017.00.LIQUIDACIÓN 2017

**Resolución con número 0062 de data 28/02/2018**

**Procedemento:** Peche e Liquidación do Orzamento

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o expediente incoado para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2017.

Atendido que, seguno o informe de intervención, a liquidación cumpre os obxectivos da estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2017.

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo co que establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**TERCEIRO.** Ordenar a remisión de copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, e iso antes de concluír o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

O Alcalde, Francisco García Suárez Dou fe, O Secretario.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

#### **4. OPERACIÓN DE CRÉDITO A CURTO PRAZO.- Aprobación, se procede, dunha operación de crédito a curto prazo por razóns de tesourería con CaixaBank.**

Da conta o Alcalde sinalando que a proposta de formalización desta operación ten data de cancelación o día 4 de maio. O Alcalde valora positivamente a oferta que fai esta entidade cunhas condicións financeiras moi favorabeis, cun 0,24 por 100 de interés, sen comisións. A razón desta operación, como xa se explicou en comisión, é a de atender o plan de pago a provedores sen agardar ó mes de maio que é cando se vai materializar o primeiro ingreso do padrón do IBI e deste xeito poder cumprir cun dos indicadores como é o período medio de pago a provedores (PMP). O destino, polo tanto, sería adiantar o pago de facturas para reducir significativamente o PMP.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que é comprensible que as empresas teñan que cobrar as súas facturas pero o problema da falta de liquidez do concello é endémico e o goberno municipal non ten capacidade para resolver o problema. Xa fomos rescatados dúas veces polo Goberno, afirma, precisamente para pagar a provedores e xustamente agora cando están entrando os ingresos tributarios na tesourería municipal que haxa un problema de liquidez tan grave como para ter que pedir un anticipo de tesourería para poder pagar facturas é un tema de reflexión; algo non se está facendo ben cando a maioría dos concellos neste momento están saneados e o de Allariz segue incrementado a débeda. O grupo municipal do Partido Popular de ningunha

maneira vai apoiar esta operación de tesourería para seguir aumentando a débeda de todos os alaricanos, conclúe.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, recorda que o concello ten a día de hoxe dúas operacións de crédito a corto prazo concertadas con Abanca por un importe de 650.000 euros que vencen en febreiro de 2019; agora por necesidades transitorias de tesourería preténdese fomalizar unha mais por importe de 280.000 euros con data de vencemento en maio de 2018. As dúbidas son as seguintes: ¿Está o concello sen liquidez a primeiros de ano para afrontar os seus gastos ordinarios? ¿Cómo pretende afrontar o concello as inversións previstas, p. ex. o auditorio, con esta preocupante tensión na tesourería?

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que hai que ser rigurosos nos debates, porque non se pode afirmar que o concello está incrementando a débeda, non é así, como se viu coa liquidación do 2017 da que se acaba de dar conta. É fácil ver cál é a débeda que o concello ten a 31 de decembro do 2017 e cál era un ano antes, afirma. Tampouco é difícil de entender, sinala, que o ritmo dos ingresos e os gastos en calquer administración non se acomodan no tempo, por ese motivo faise a póliza de crédito, para atender as necesidades transitorias de tesourería, porque a pesar de estar cobrando xa os tributos municipais cos que se están atendendo os gastos correntes aínda están sen cobrar axudas da Xunta de Galicia por programas que o concello está a executar, p. ex. o obradoiro de emprego no que o concello ten que adiantar os cartos e non cobraremos o 50% ata finais do obradoiro, ou a cobranza do servizo de recollida do lixo en Taboadela que se cobra a trimestre vencido. Todas éstas son razóns polas que un concello pode acudir a unha operación de tesourería e se as entidades financeiras tiveran a metade das dúbidas que se están a expresar na sesión non concederían a operación, pero non é así. Sobre a ratio da débeda municipal por habitante, de 666 euros, nada que ver coa ratio que representa a da Xunta e a do Estado.

En relación coa demanda de información que solicita a portavoz do grupo socialista sinala o Alcalde que o concello fai unhas previsións de tesourería nas que hai meses en que hai mais ingresos e outros nos que hai mais gastos, para equilibrar esa situación é polo que se recorre á póliza de crédito. Ó mesmo tempo hai que recoñecer que hai equipamentos municipais que se teñen realizado con financiación doutras administracións (festival internacional de xardíns, ETAP e outros moitos). Sobre a financiación do centro de exposicións e auditorio aínda non están feitas as previsións de custe e financiación pero é lóxico pensar que non se pode financiar con fondos exclusivamente municipais, terá que haber un apoio doutras administracións, como ten ocorrido noutros concellos, e o concello prantexará esas peticións. Por último, recorda que un concello que tivera dificultades de tesourería non se podería permitir o luxo de gastar 774 mil euros de inversións nun exercicio. Isto é así porque se se teñen cinco millóns é medio de ingresos ordinarios e catro millóns catrocentos de gastos ordinarios que produce un aforro bruto de un millón cen mil euros que se destinan a inversións e a amortizacións, que o que se está a facer. Admite que se podería priorizar a cancelación da débeda como único criterio, que parece ser o único criterio do ranking, pero habería que falar de patrimonio, de servizos, de emprego... O concello está reducindo significativamente a débeda e hai dous anos de carencia nos que hai que eliminar os 650.000 euros de pólizas de crédito. Pero se a situación fora a que se describe, o concello non sería viable, e desde logo xa superamos situacións mais complicadas desde o punto de vista da tesourería municipal, conclúe.

No turno de réplica, a portavoz do grupo municipal do Partido Popular, matiza que a débeda por habitante no concello de Allariz é de 825,36 euros, segundo os datos elaborados polos servizos municipais a partir da propia contabilidade. Sobre a cuestión da redución da débeda, estase reducindo a que o concello está obrigado a reducir, pero non se ten feito así coas operacións de tesourería que se estaban utilizando encubertamente como operacións de crédito a longo prazo cando as operacións de tesourería, como ben din os informes e como admite o propio Alcalde, son operacións para solventar necesidades transitorias de tesourería, pero no concello de Allariz algunhas xa son endémicas porque hai operacións que se renovan ano tras ano sen ningún problema, e o feito de que antes de terminar o primeiro trimestre do ano xa se teña que acudir a unha operación, aínda que sexa con vencemento en maio, supón un incremento da débeda en 280.000 euros, esa é unha realidade. Se hai un problema transitorio de tesourería é porque non hai tesourería, porque algo non se está facendo ben, afirma. A autocrítica hai que facela coa finalidade de arranxar o que non está ben, e non é cuestión de aforrar nin de ter cartos nas contas correntes, pero tampouco hai que sacara conclusión de que estamos endebedados pero somos riquísimos, non é coherente. Se non lle avergonzara esta situación, na propia páxina web do concello, cando se coloca a noticia de que hai un pleno este venres omítese

descaradamente que se vai pedir unha operación de tesourería. Eso non é transparencia, e faise porque se avergonzan diante dos veciños de estar nesta situación, porque á xente non lle gusta; que seguimos mantendo un nivel de servizos espectacular, é unha maneira de velo, pero o seu modo de ver non é certo, non se recupera o alumeado público, non se fan investimentos para mellorar o servizo para que todos disfruten dun alumeado público de calidade, non se termina nin se dotan os pobos que lles falta o saneamento ou infraestruturas básicas. Conclúe sinalando que non se pode manter o discurso de a mais débeda mais ricos, porque non é aceptable. Acepta a portavoz que temos un pobo maravilloso, con boas infraestruturas e servizos tampouco se pode negar, pero o Alcalde ten que recoñecer que as inversións que se realizan non se fan exclusivamente con fondos propios, porque o arranxo que se fixo na estrada de A Granxa está financiado pola Deputación, o que se fixo na estrada da Alameda tamén, e mesmo o millón de euros que se recibiu para o Festival de Xardíns. Desde fai sete anos, en inversións non se fai absolutamente nada, afirma, fanse parches e adécéntanse cousas de vez en cando para que as cousas non sexan tan sangrantes, pero a realidade que se vive a diario en Allariz é outra moi diferente, conclúe.

Por parte do grupo socialista non hai intervención no turno de réplica.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que nunca pensou que unha operación de tesourería dera para tanto e afirma que sobre estas cuestións quenes teñen a última palabra para decidir son os cidadáns cos seus votos, son quenes deciden se as cousas se están a facer de acordo cos seus intereses, e polo que se ve o goberno municipal acaba de ser refrendado nas últimas eleccións municipais, e non se avergoña para nada por esta operación; sería motivo de vergoña se gobernara un concello no que o número de poboación se estivera reducindo, no que a situación económica estivera caíndo en picado e o mesmo a situación dos servizos públicos. Claro que hai apoios doutras administracións, eso non se esconde, xa só faltaría que o concello de Allariz non recibira o trato e o tanto por cen que reciben os demais, os seis mil habitantes allaricanos teñen os mesmos dereitos que calquera outro, pero é unha realidade que son mais de medio millón de fondos propios os que o concello invertiu fronte aos douscentos trinta e cinco mil recibidos doutras administracións. Reprocha ó Partido Popular o seu discurso contradictorio: se se gasta porque se gasta, e se non se gasta porque non se gasta, non é fácil saber cá l será a súa política real, afirma. O BNG desde que empezou a crise económica xa defendeu que non era partidario de reducir o gasto municipal para acabar con débeda 0, eso sería fácil, pero tamén con caída de poboación, caída da actividade económica, dos servizos públicos, e apostaron por un modelo equilibrado. Cree o Alcalde que se están conseguindo o obxectivo, porque quenes miran con lupa a situación do concello son as entidades financeiras e o concello de Allariz ten solvencia e capacidade para asinar estas pólizas, se a situación fora outra non sería posible. Tamén se podería esperar a ter os seus propios ingresos no mes de maio, que os provedores esperaran, pero preferiuse adiantar os ingresos e tamén os pagos. Se houbera unha financiación mais xusta por parte do Estado e se a Deputación fixera un reparto dos fondos como todos acordaron no propio pleno, a situación sería diferente. Efectivamente, acepta que as obras de A Granxa e da Alameda foron cofinanciadas pola Deputación, pero non hai mais que ver que para as obras deste ano, por valor de 100.000 euros, a Deputación aporta 48.000 e o concello o resto, ésa é a realidade. Haberá que ver a finais do exercicio cómo a débeda, tanto en pólizas como en préstamos, se irá reducindo con respecto á que hai agora, conclúe.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

Vistas as condicións financeiras facilitadas pola entidade financeira CaixaBank mediante escrito de data 07.02.2018.

Considerando que a proposta está formulada en condicións de prudencia financeira estando incluso por debaixo do diferencial máximo sobre o coste de financiación do Estado para as operacións a curto e longo prazo concertadas polas Entidade Locais que, no caso do concello de Allariz é de 75 puntos básicos, porque non cumpre as condicións de elexibilidade ao Fondo de Impulso Económico, de acordo coa información facilitada polo Ministerio de Facenda e Función Pública a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, a data 05/02/2018.

Considerando que o concello de Allariz ten formalizadas dúas operacións de crédito a curto prazo, actualmente en vigor, coa entidade ABANCA que suman un importe total de **650.000 euros** (unha por importe de 350.000 euros e outra por 300.000 euros) con data de vencemento 20.02.2019.

Considerando que ao mesmo tempo ten solicitado a CAIXABANK a formalización dun anticipo a conta de produtos recadatorios de impostos devengados e liquidados a través dun padrón ou matrícula (aos efectos legais este anticipo ten a mesma consideración de operación de crédito a curto prazo) por importe de **280.000 euros**.

Tendo en conta que o conxunto das operacións de crédito a curto prazo formalizadas, mais a nova operación prevista con CAIXABANK, suma un importe total de **930.000 euros**.

Tendo en conta que os ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio 2017 (DRN), ascenden a **5.485.010,61 euros**.

Tendo en conta que o importe acumulado (930.000 euros) das operacións formalizas (650.000 euros) mais a nova operación (280.000 euros) supón un **16,96%** dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio 2017.

De conformidade co disposto no Artigo 51, Operacións de crédito a curto prazo, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) dispón que:

*"Para atender necesidades transitorias de tesouraría, as entidades locais poderán concertar operacións de crédito a curto prazo, que non exceda dun ano, sempre que no seu conxunto non superen o 30 por cento dos seus ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior, salvo que a operación haxa de realizarse no primeiro semestre do ano sen que se producira a liquidación do orzamento de tal exercicio, nese caso tomarase en consideración a liquidación do exercicio anterior a este último. A estes efectos, terán a consideración de operacións de crédito a curto prazo, entre outras as seguintes:*

*a) Os anticipos que se perciban de entidades financeiras, con ou sen intermediación dos órganos de xestión recadatoria, a conta dos produtos recadatorios dos impostos devengados en cada exercicio económico e liquidados a través dun padrón ou matrícula.*

*b) Os préstamos e créditos concedidos por entidades financeiras para cubrir desfasamentos transitorios de tesouraría.*

*c) As emisións de débeda por prazo non superior a un ano.*

De conformidade co disposto nos parágrafos segundo e terceiro do apartado 2 do artigo 52 do citado TRLRFL, que establecen que:

*Os presidentes das corporacións locais poderán concertar as operacións de crédito a longo prazo previstas no orzamento, cuxo importe acumulado, dentro de cada exercicio económico, non supere o 10 por cento dos recursos de carácter ordinario previstos no devandito orzamento. A concertación das operacións de crédito a curto prazo corresponderanlle cando o importe acumulado das operacións vivas desta natureza, incluída a nova operación, non supere o 15 por cento dos recursos correntes liquidados no exercicio anterior.*

*Unha vez superados devanditos límites, a aprobación corresponderá ao Pleno da corporación local.*

De conformidade co informe do Secretario de data 02.03.2018 que establece que cumprese a previsión legal de non superar no seu conxunto o 30 por 100 dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior (2017) e, tendose superado o 15 por 100 dos recursos liquidados, a aprobación corresponderá ó pleno que deberá adoptar o acordo pola maioría absoluta (7) do número legal de membros da Corporación (13), conforme dispón o artigo 47.3 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 13.03.2018, o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta legal dos seus membros, cos votos favorables do BNG (9), co voto en contra do PP (3) e coa abstención do PSdeG-PSOE (1), ACORDA:

PRIMEIRO. Concertar con **CaixaBank** unha operación de crédito a curto prazo (operación de tesourería) por importe de **//280.000,00€//** nas seguintes condicións financeiras:

- VENCEMENTO: 04-05-2018
- CAPITAL MAXIMO INICIAL: DOUSCENTOS OITENTA MIL EUROS (280.000,00- EUROS)
- INTERES: 0,240 % ANUAL QUE SE PERCIBIRA SOBRE O CAPITAL DISPOSTO

- INTERES DE EXCEDIDO OU DE DEMORA: 20,500 % NOMINAL ANUAL
- TAE: 0,24 % EFECTIVO ANUAL POSTPAGABLE (SEGUN CIRCULAR 8/90 BANCO DE ESPAÑA)
- COMISION DE ESTUDO: 0,00 EUROS, DEVÉNGASE E LIQUIDASE NESTE ACTO
- COMISION DE APERTURA: 0,00 EUROS, DEVÉNGASE E LIQUIDA NESTE ACTO
- COMISIÓN: 0,005 % MENSUAL SOBRE SALDO MEDIO NON DISPOSTO
- COMISION DE EXCEDIDO: 4,500%, SOBRE O SALDO MAIOR EXCEDIDO NO PERÍODO DE LIQUIDACION E SE DEVENGARA O DIA QUE SE PRODUZA, CO MINIMO DE 15,00 EUROS
- COMISION DE GESTION DE RECLAMACION DE IMPAGADOS: 35,00 EUROS POR CADA EXCEDIDO ATA O SÚA REGULARIZACION
- OS INTERESES, A COMISION SOBRE O SALDO MEDIO NON DISPOSTO E OS INTERESES DE EXCEDIDO Ou DE DEMORA SE DEVENGARAN DIA A DIA E SE HARAN EFECTIVOS POR PRIMEIRA VEZ O DIA 31-03-2018. A partir desta DATA A PERIODICIDADE DA LIQUIDACION SERA MENSUAL. NAS MESMAS DATAS TAMÉN SE FARÁ EFECTIVA A COMISION DE EXCEDIDO
- PLAN DE REDUCCION DO LIMITE DE DISPOSICION: DEVOLUCION DO CAPITAL NA DATA DO VENCEMENTO
- COMISION OPERATIVA: 0,18 EUROS POR OPERACION, QUEDANDO EXENTAS 10 OPERACIÓNS Ao MES. DEVÉÑASE CON PERIODICIDADE ANUAL (DO 16.12 Ao 15.12) E LIQUIDA DURANTE O CINCO DIAS POSTERIORES Ao PERÍODO VENCIDO.
- EN NINGÚN CASO O CAPITAL DEBIDO DEVENGARÁ INTERESES A FAVOR DO DEBEDOR.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para expedir e asinar cantos documentos sexan necesarios para executar o presente acordo e mesmo para formalizar en escritura pública a póliza de crédito correspondente.

TERCEIRO. Expídase a correspondente certificación do presente acordo.

##### **5. CONVENIO URBANÍSTICO.- Aprobación inicial, se procede, dun convenio urbanístico para a execución da Área de Reparto 122 (AR-122).**

Da conta o Alcalde sinalando que na comisión informativa deuse conta e debatiuse esta proposta e xa indicou o recoñecemento que hai que facer á vontade de colaboración expresada polos propietarios desta área de reparto, coa sinatura por parte dun deles, e que vai permitir establecer unha planificación estratéxica para o futuro de Allariz, de mellora de equipamentos. É certo que se podería vivir ou aspirar a seguir cos equipamentos que xa se teñen para manter a programación cultural, pero o esforzo que vimos mantendo en materia de política de eventos de promoción económica: feira de oportunidades, feira de outono, arte de man, e tamén para atender ás múltiples peticións que se fan por parte de empresas para celebrar congresos, xornadas e eventos. Esta proposta, sinala, que hai que vela como unha ambición, e que terá un carácter plurianual no seu desenvolvemento urbanístico, ten uns aspectos positivos que hai que destacar. Por unha parte, a cesión dos terreos que o concello recibirá nesa área de reparto permitiría englobar nunhas instalacións as actividades de promoción económica, contar cun pavillón de feiras e exposicións propio e específico ou complementando as que xa se dipoñen no pavillón do Instituto, tendo en conta tamén o carácter céntrico desta finca cunha zona verde que o concello xa ten nas súas inmediacións. A promoción económica do concello, sen dúbida, tería un realce porque o futuro centro

podería albergar múltiples eventos: xornadas gastronómicas, musicais, deportivas... Pero, ó mesmo tempo, no mesmo espazo, tamén tería un destino de auditorio con todas as salas destinadas a formación musical, hoxe repartidas en diferentes espazos (casa da cultura, casa da mocidade, escola de música) e mesmo para a programación cultural que salvara as eivas que a Casa da Cultura ten en canto á súa dimensión, de aforo e escenario. Nese sentido, a sinatura deste convenio permitiría a consecución destes obxectivos o cal implica unha serie de obrigas para o propio concello que básicamente son as de redactar os instrumentos urbanísticos: plan parcial, proxecto de urbanización e proxectos de compensación, e ó mesmo tempo proceder á urbanización do vial principal que conectaría no futuro coa Emilia Pardo Bazán e proceder ás conexión dos servizos de auga e saneamento nas zonas próximas As Laxas. Entende que entra dentro dos compromisos asumibles por parte do concello como obrigas, mentras que os propietarios ó mesmo tempo asumen a cesión deses espazos desde a sinatura deste acordo, e tamén é importante o compromiso de presentar o proxecto de construción das vivendas contempladas na área de reparto.

En definitiva, entende o Alcalde que, aínda estando no inicio da xestión coa aprobación do convenio urbanístico, abre unha boa perspectiva para avanzar nun anteproxecto por parte dos técnicos municipais que permitiría albergar nun mesmo espazo as feiras, as exposicións e o auditorio cultural, que tamén mellora outras ubicacións que se estiveron valorando.

O convenio someterase a información pública durante o prazo dun mes para alegacións, pero ó mesmo tempo o concello porá en marcha, a través dos propios servizos técnicos, a redacción do plan parcial e os instrumentos necesarios para ir desenvolvendo o convenio.

Por parte do grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que ó seu grupo parécelle moi ben o obxectivo último da subscripción do convenio urbanístico. O obxectivo, como é a construción dun centro multiusos, con auditorio, coincide coa proposta que o Partido Popular ven prantexando nas dúas últimas lexislaturas. Neste sentido, recorda que tamén levaban no seu programa a resolución da ubicación da biblioteca municipal que o concello en algún momento terá que afrontar porque a súa ubicación actual non é moi digna. Efectivamente, como recoñece o propio Alcalde, actualmente hai unha dispersión de locais culturais pero ningún deles ten unha entidade suficiente para determinadas actividades. Esta situación acrecentouse nos últimos anos polo crecemento da Unión Musical de Allariz o cal creou unha actividade que ten un crecemento considerable e que enfatiza a necesidade de ir a un centro destas características que solucione a necesidade que ten a Unión Musical de Allariz de aulas para ensaio, para impartir clases, e de auditorio e escenario dos que agora mesmo se carece. O cal non quita que tamén se deba contemplar a situación doutras entidades culturais, como a asociación de mulleres e outras entidades culturais e sociais que hai en Allariz, e que deben compartir ese espazo, que debe ser para todos. O que non é de recibo, como xa ten dito o seu grupo en sesión plenaria é a situación na que se atopa a Unión Musical e a asociación de mulleres nun edificio supercutre, na antiga casa do médico, e que seguen estando ahí nunha situación de precariedade total. Tamén lles parece ben a zona eleixida. Cando se barallou a ubicación nas antigas instalacións de Iberolacto xa se pronunciaron en contra, tanto pola súa ubicación como pola condición de ben protexido que ten este inmovible; a ubicación nun cruce de estradas era totalmente desafortunada, menos mal que o grupo de goberno deuse conta desta circunstancia e buscaron unha localización mais acorde. Ésta é francamente unha ubicación axeitada: está cerca do centro urbano de Allariz e cerca do Casco Histórico. O que xa non lles parece tan ben é o tamaño que ven condicionado pola situación urbanística na que está. Unha parcela de 2.854 m<sup>2</sup> para un centro destas características é insuficiente, porque ademais da ubicación necesita un espazo libre ó redor para actividades externas que se teñen alí. Se a parcela ten a superficie que ten é difícil ubicar un edificio destas características con espazo suficiente, e ademais tendo en conta a forma triangular da propia parcela. Un edificio destas características ten que ter un carácter representativo, cunha certa presenza. Este edificio vai estar a carón dun edificio dunha escala impresionante que é o actual edificio en forma de U no que actualmente se ubica a Notaría, e tamén vai estar cerca dunha vivenda unifamiliar que está nas proximidades. O Partido Popular cree que a zona é boa, pero a superficie non é suficiente, se ben podería haber unha solución para resolver nesa zona o problema de espazo, o seu grupo ofrécese para axudar nese sentido.

Na modificación puntual nº 2 do PXOM, o BNG perdeu unha oportunidade de contar cun espazo suficiente. De feito, nesta área de repartición que é a AR-122 prevé un espazo para equipamento de 2.854 m<sup>2</sup> pero de sistema local, non para equipamento de sistema xeral, e o centro multiusos con auditorio é un equipamento xeral. É dicir, estase tratando de ubicar un centro que está ó servizo de todo o municipio dentro dunha área de reparto pequena na que está previsto un equipamento de sistema local. Eso evidencia a insuficiencia de superficie da que estamos a falar. Se cando se fixo a modificación puntual nº 2 o grupo de goberno estivera pensando na ubicación dun centro multiusos destas



características houberan deixado un equipamento de sistema xeral, nunha ou en dúas áreas de reparto, con superficie suficiente; isto improvisouse con posterioridade e buscouse unha parcela nunha área de reparto que tivera recoñecido un espazo de equipamento.

Esta modificación puntual nº 2 mellorou a ordenación urbanística do PXOM para esta zona que era un desastre, un caos. A modificación mellorou lixeiramente esta situación pero non de forma suficiente. Tiña varios obxectivos, un deles a creación dun vial desde a Emilia Pardo Bazán ata a circunvalación, ese era o obxectivo mais importante que fixo a modificación puntual. Outro dos obxectivos foi modificar a ordenación e substituíronse a maior parte das áreas de reparto que estaban en solo urbano non consolidado con edificación unifamiliar por novas áreas de reparto de solo urbanizable con bloques de edificación intensiva. Pero basta con mirar o plano para ver que son bloques como prismas caídos do ceo sen un criterio de ordenación. Había un terceiro obxectivo que era o mantemento de valores etnográficos que había na zona pero o concello non se preocupou de facer valer un dos obxectivos da modificación puntual e algúns dos muros de certo valor que había por alí caeron. Volvendo ó vial de que falaba prantéxase como un vial de 16 metros e a verdade é que é importante, enlaza Emilia Pardo Bazán coa Circunvalación, pero para conseguir ese obxectivo faise dunha forma desequilibrada. Ese desequilibrio ven porque algúns propietarios que estaban en solo urbano consolidado impuxéronse unhas condicións draconianas, cambiáronse a un aproveitamento urbanístico moi deficitario en áreas de reparto de solo urbano non consolidado cando antes estaban en solo urbano consolidado cunha cesión de aproveitamento urbanístico ó concello do 10 por 100, coa obriga de ter que poñerse de acordo con outros propietarios e cun aproveitamento urbanístico de moita peor calidade do que tiñan. Claro, afirma, conseguindo esas cargas para algún dos propietarios é fácil conseguir a apertura do vial. Sen embargo, ese vial ten outro problema posto que sendo de 16 metros, de pronto estreitase e ten 12 metros, ese estreitamento prodúcese xustamente antes da área de reparto 122, co cal vai haber ahí un problema de tráfico nun vial que é importante. Ese é un problema que ten que solucionar o equipo de goberno municipal, porque cando se fixo a modificación puntual número 2 cambiouse practicamente toda a zona, as múltiples áreas de reparto con edificación extensiva pasaron a edificación colectiva. Sen embargo, quedaron algunhas vivendas unifamiliares que non se sabe moi ben por qué se fixo unha excepción con elas e que algunha delas impide que o vial tan importante que se prantexa eiquí, que forma parte do sistema xeral, teña os 16 metros de forma continua, de principio a fin, sufrindo un estreitamento de 12 metros precisamente no punto que antes se sinalou. Ésta é unha situación que debe resolver o concello.

En canto ó convenio, quere suliñar tres puntos. O punto número 1 é que tal como comentou anteriormente na área de reparto hai dúas propiedades, hai que contar coas dúas propiedades e debería estar asinado polas dúas propiedades, porque hai que conseguir a cesión dos terreos coas dúas propiedades. Non se pode aprobar un convenio cunha das partes sen saber qué pasa coa outra. En segundo lugar, o convenio ten que cumprir a lexislación urbanística vixente, é dicir, ten que cumprir a Lei 2/2016 do Solo de Galicia; ten que cumprir o Regulamento da Lei do Solo e tamén ten que cumprir o PXOM. Este convenio urbanístico non cumpre a lexislación urbanística. Non cumpre a Lei do Solo de Galicia, non cumpre o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e non cumpre o PXOM na súa modificación puntual nº 2. Non cumpre en canto ás cesións de viais e espazos libres. Na área de reparto 122 prevese a cesión de 1.592 m<sup>2</sup> de viario do sistema xeral, 778 m<sup>2</sup> de espazos libres do sistema local e 2.854 m<sup>2</sup> de equipamentos do sistema local. As superficies do solo destinadas a viario e espazos libres deben ser cedidas urbanizadas pola propiedade. O convenio que se propón non cumpre esta condición xa que é o concello quen se compromete a urbanizar o vial principal. Este vial forma parte do sistema xeral e está incluído dentro do ámbito da área de reparto 122. A superficie desta área de reparto inclúe a superficie destinada a sistema xeral viario que pasa por ela. Ó estar ese sistema xeral viario dentro da área de reparto é obriga dos propietarios cedelo urbanizado. Tamén se compromete o concello a xestionar as conexións ás redes de sumidoiros, abastecemento de auga, coas acometidas á rede xeral do edificio residencial previsto. Dos espazos libres non se dí nada, nin se lle atribúe ó concello nin se lle atribúe ós propietarios. Tal como dí a lei o espazo libre do sistema local debe ser cedido urbanizado polos propietarios, pero nas obrigas dos propietarios, esta obriga non se recolle. En terceiro lugar, parécelle excesivo a pesar do dito anteriormente [o Alcalde recórdalle ó concelleiro que o tempo de intervención ten unha duración limitada. O concelleiro considera que o que está dicindo é importante porque está falando de legalidade. A legalidade non a dí o concelleiro en exclusiva, advirte o Alcalde. Pídelle que sexa breve. O concelleiro afirma que xa está rematando]. Parécelle excesivo obrigar á propiedade a presentar o proxecto de edificación para a obtención da licenza nun prazo máximo de 3 anos porque para chegar a un compromiso coa propiedade hai que chegar a un compromiso coas dúas propiedades, o compromiso cunha delas non é suficiente. Ahí márcase un bloque de edificación de aproximadamente 40-42 m de lonxitude. Se se fai un convenio cunha das propiedades esa propiedade, qué fai, ¿o 71% dese bloque do que o 33% tense que destinar a vivendas de promoción pública e do que o 10% do aproveitamento urbanístico teno que ceder ó concello? ¿Queda por facer a outra propiedade de forma independente o 29% dese bloque cun 33% de cesión destinado a vivendas de promoción pública e o 10% de cesión do

aproveitamento urbanístico ó concello? Algo non encaixa. Polo tanto, hai que resolver o tema coas dúas propiedades e chegar a un acordo coas dúas propiedades e non só cunha.

Por todo o exposto anteriormente, conclúe o concelleiro, o grupo municipal do Partido Popular está de acordo co obxectivo de levar a cabo a construción dun edificio multiusos cun auditorio. Totalmente de acordo. Tamén están de acordo na zona elixida para a súa ubicación. Parécelles insuficiente a superficie da parcela para ubicar o centro, pero pódese solucionar o tema. O convenio que se subscriba entre o concello e os propietarios debe cumprir a lexislación urbanística, o cal é fundamental, e desde o seu punto de vista, incumpra a Lei do Solo de Galicia, o seu Regulamento e o PXOM. Polo tanto, o grupo municipal do Partido Popular votará en contra do convenio proposto por incumprimento da lexislación vixente, sen embargo, ofrece a súa colaboración ó equipo de goberno para unha solución legal do convenio.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, sinala que comparte a necesidade que ten o concello de contar cun espazo multifuncional para actividades culturais, feiras e exposicións, por eso anuncia un voto favorable, o único inconveniente que lle ve é conseguir a financiación necesaria para a execución do proxecto.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar, en primeiro lugar, en relación á intervención do concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, que considera que hai que ser un pouco modestos á hora de falar da lei, sobre o seu cumprimento, porque é interpretable, e non pensa entrar na análise que fixo o concelleiro sobre a modificación puntual número 2 do PXOM e de toda a evolución do planeamento na zona, pero unha superficie de casi tres mil metros cadrados de parcela, mesmo coa inclinación que ten o terreo coa posibilidade de utilizar dúas alturas podería ser mais que suficiente. A intervención do concelleiro parécelle ó Alcalde, como xa ocorreu noutros proxectos estratéxicos para o concello, como a cidade deportiva de O Seixo, aínda presentándoa como positiva, na práctica o que pretende é impedir que se faga. O grupo de goberno está aberto, sinala, a escoitar todas as propostas que queiran facer.

Con respecto ó sistema xeral viario parece difícil entender que teña que ser sufragado por un bloque de edificación dunha veintena de vivendas, non vai ser posible facelo nesas condicións. Ademais, será o plan parcial ou o plan especial de reforma interior que se poda facer o que estudie o aproveitamento medio que resulta nesa área de reparto para ver se está equilibrado ou non. O concello claro que vai chegar a un acordo coas dúas propiedades, afirma, hai unha que xa asinou, que é a maioritaria, e que se quixera desenvolver esa área de reparto, independentemente da posición do concello, sendo maioritario, podería pola en marcha porque ten o 70% como recoñece o concelleiro, polo tanto nun proxecto de compensación cada ún acabará tendo o aproveitamento que lle corresponda no reparto de cargas e beneficios. A outra propiedade pertence a unha familia de Allariz no que a representación legal que ten o poder está de acordo coa proposta que fai o concello; hai unha parte da propiedade que corresponde ó Obispado de Tui, o 25% desa parcela, estase negociando esa cuestión, pero non impide, sinala, que a propiedade maioritaria do 71% asine unha proposta que xa dí que hai que facer o proxecto de compensación, todos os instrumentos, como se faría a nivel particular. Polo tanto, se hai coincidencia en que é a mellor ubicación, que ten todas as garantías para funcionar cumprindo todos estes obxectivos, o grupo de goberno é o primeiro en apelar a que se considere este asunto como unha cuestión de vital importancia, como se fora unha cuestión de estado de Allariz, por eso pide que todos poñan un ánimo de colaboración porque non é o primeiro viario que fai o concello en espazos para poder desenvolver determinadas zonas. Sobre o compromiso de presentar o proxecto de edificación nun prazo de tres anos non é unha condición imposta polo concello senón unha proposta da propiedade, non foi un requisito establecido polo concello. O concello acota claramente cáles son os deberes de urbanización que asume, e asúmese o vial principal porque é un sistema xeral porque non se lle pode repercutir o custe desas características a costa dun aproveitamento urbanístico tan limitado derivado da modificación puntual do PXOM. Como recoñeceu o concelleiro, sinala, antes da modificación permitíase a construción de vivendas unifamiliares con menos cargas que as que prantexou a modificación número 2 do PXOM. É fácil facer un estudo das cargas que soportan as outras áreas de reparto e as que soporta a número 122, e a través do plan especial de reforma interior pode abordarse. O grupo de goberno é o primeiro interesado en aclarar esta cuestión, afirma, se hai algunha dúbida ao respecto. Por outra parte, os propietarios terán que facer as súas beirarrúas, facer a urbanización que corresponde ó edificio mais alá das conexións que, como sabe o concelleiro, desde As Laxas a esa zona, se o concello fai o equipamento terá que porlle auga e saneamento o cal non é un custe grande, imposible de asumir, e é lóxico prantexalo así.

Considera o Alcalde que os técnicos municipais tamén teñen unha opinión ó respecto e non vale para votar en contra da proposta dicir que non cumpre a legalidade, se están de acordo coa finalidade,

se están de acordo co interés, coa idoneidade da ubicación, non parece congruente pretender esconderse detrás deste tipo de argumentación, porque o final non estamos dando mais que un primeiro paso no que haberá unha exposición pública, unha aprobación do plan parcial, do tamén do proxecto de compensación, que irán dando resposta a todas estas cuestións que o concelleiro prantexa. Entende o Alcalde que o convenio é equilibrado, abre a porta para que Allariz poda ter un equipamento o antes posible.

En relación ás consideracións que prantexou a portavoz socialista o concello ten un esbozo do que pode ser a fianciación e tamén coñece os antecedentes de equipamentos que Xunta de Galicia e Deputación Provincial teñen feito noutros concellos de idéntica situación ó de Allariz; o mais recente é o de Verín que o fixo integramente a propia Xunta de Galicia, por certo cuns accesos bastante mais dificultosos que os que ten Allariz e nunha ubicación bastante mais periférica que a proposta de Allariz, a cal unha das virtudes que todos ven é ese carácter céntrico para que poda funcionar a programación cultural que alí se desenvolva. O propio grupo de goberno descartou a opción de Iberolacto porque, aínda tendo moitas virtudes polo espazo en sí e mesmo contando coa protección de ser un espazo industrial que, unha vez adaptados para outros usos, teñen moito encanto, sen embargo ten a dificultade da accesibilidade, ter que cruzar a N-525 é unha dificultade, por eso se buscou unha alternativa, a da AR-122, que é das poucas, ou probablemente a única que conta cun terreo para equipamentos de casi tres mil m<sup>2</sup>.

Non obstante, como estamos nos primeiros pasos, está aberto a coñecer suxerencias, propostas para mellorar a que figura no convenio. Por eso, tendo en conta estas circunstancias, unha vez que se teña un primeiro borrador do anteprojecto poderase facer un primeiro examen cos grupos municipais, tamén cos colectivos que van a participar no uso destas instalacións, para que esta instalación dé resposta ás necesidades que se podan ter de cara ó futuro. O proxecto non se prantexa tanto para poder manter o que hai senón para que Allariz poda ter un espazo como turismo de congresos no que hai unha oferta singular, única, aspirar a contar cun recinto que cumpla con esa finalidade; hoxe ou se vai ós espazos dispoñibles no Fogar dos Maiores, ou na Casa da Cultura, ou ó espazo multiusos do Hotel Oca. Este proxecto abriría unhas posibilidades mais grandes. Tamén pode ser unha idea atinada o feito de que o auditorio e o pavillón conforman un único espazo do que se van poder beneficiar mutuamente. Por eso, en primeiro lugar, deixar constancia do agradecemento ó propietario maioritario por este compromiso de cesión inmediata desde a sinatura deste acordo; en segundo lugar, para o desenvolvemento hai que facelo co conxunto da propiedade para o cal dúas posibilidades: despois de aclarar as cuestións da titularidade ver se hai posibilidade de que se enaxene e outra, seguir a vía do proxecto de compensación normal nunha xestión urbanística. Recoñece que non é fácil pechar este tipo de acordos, ademais a actividade urbanística non é a que había no ano 2005 ou 2006 nos que o concello foi capaz de poñer en marcha grandes equipamentos e transformacións en espazos nos que non había actividade. Niste caso, non habendo esta demanda está mais limitado, atopouse unha boa receptividade e o que non acepte é as críticas sobre a legalidade da operación e tamén sobre a insuficiencia da superficie, cree que tres mil metros cadrados son suficientes, é unha superficie importante, e de acordo cos técnicos municipais, dá para facer as instalacións previstas, se ben haberá moito que debatir sobre cál é a mellor solución. O importante é que temos o convenio, que hai unha vontade de acordo expresada polos propietarios, que está asinado; hai a disposición de poñelo en marcha e desde esa perspectiva o BNG vaille dar o seu apoio.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, reitera que non poden estar mais de acordo coa idea de levar adiante o centro de multiusos e auditorio porque nas dúas últimas lexislaturas formaba parte da proposta do seu grupo, e polo tanto desde ese punto de vista vanno apoiar pero hai que apoialo cumprindo a legalidade. Tamén lles parece moi acertada a ubicación, a zona elexida, porque está moi cerca do caso urbano e está moi cerca do Casco Histórico. Pero como hai que cumprir a lei, o seu grupo ofrécese a encontrar solucións que solventen o cumprimento da lei. O artigo 29 da Lei do Solo de Galicia e o artigo 43 do seu Regulamento establecen entre os deberes dos propietarios do solo urbanizable os seguintes: [O Alcalde recórdalle ó concelleiro que non é necesario que lea o que dispoñen as normas. O concelleiro replica que está no seu turno de intervención e no seu uso da palabra e pode usalo para recordar o que din as normas, xa que antes non o fixo, e pide poder facer no seu turno o que estime oportuno]. O artigo 29 da LSG, continúa o concelleiro, establece que, unha vez aprobado o planeamento que estableza a ordenación detallada, a transformación do solo urbanizable comportará para os seus propietarios os seguintes deberes:

- a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado ao sistema local de espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.

b) Ceder obrigatoria, gratuitamente e sen cargas o solo necesario para a execución dos sistemas xerais que o plan xeral inclúa ou adscriba ao sector e urbanizar nas condicións que determine o plan unicamente os incluídos no sector.

c) Custear e, se é o caso, executar as obras de urbanización do sector e as infraestruturas de conexión cos sistemas xerais existentes, así como as obras necesarias para a ampliación e o reforzo dos citados sistemas, de forma que se asegure o seu correcto funcionamento tendo en conta as características do sector e de conformidade cos requisitos e condicións que estableza o plan xeral.

d) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento tipo da área de repartición. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes deses terreos, que deberán ser asumidas polos propietarios.

En resumen corresponde ós propietarios executar as obras de urbanización do sector cedendo urbanizado o vial do sistema xeral, os espazos libres do sistema local e conectar as infraestruturas de conexión cos sistemas xerais. O concello, conforme á lei non lle corresponde urbanizar nada. A propia modificación puntual núm. 2 por se quedaba duda, recolle tamén as obrigas dos propietarios en solo urbanizable e recolle as obrigas que daquela tiña a LOUGA que son as mesmas que estableceu a LSG posteriormente. É dicir, o concello tivo a oportunidade de tratar de modelar ou cuantificar as cesións que había que facer en cada unha das áreas de reparto para efectivamente ver se as cesións que había que facer eran demasiado elevadas pero as cargas estableceunas e recolleunas a propia modificación puntual núm. 2 e mantén as mesmas que establece a lei, como non podía ser doutra maneira. Na mesma liña o artigo 165.3 da LSG que establece que serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios que contraveñan, infrinxan ou defrauden obxectivamente normas imperativas legais ou regulamentarias, incluídas as do planeamento urbanístico. O convenio contravén e infrinxe as normas contempladas no artigo 29 da LSG e o 43 do seu Regulamento, e tamén o establecido na propia modificación puntual. Para o concelleiro está claro que hai que levar adiante esto, haberá que atopar unha solución pero hai que facelo cumpindo a lexislación urbanística. O seu grupo, sinala, ofrécelle a súa colaboración para resolver dentro da lei este convenio e se quere tamén lle propón que deixe sobre a mesa o convenio para entre todos dar unha forma axustada á legalidade.

Por parte do grupo municipal socialista a súa portavoz rehusa intervir no turno de réplica.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que hai que ser un pouco prudentes porque este asunto tamén o viron os servizos municipais, Secretario, Arquitecta e Aparellador municipal, e tamén o abogado do propietario que asinou o convenio e reitera que todo o que haxa que facer a nivel urbanístico haberá que ir vendoo nos instrumentos que correspondan. Porque parece que hai moita disposición a facer pero coas cousas que se din parece mais ben ó contrario, que se non se podA facer. O sitio está ben, pero non colle; ahí non vai quedar ben, ten un edificio moi alto que fai sombre, unha casa... Para empezar, sinala, hai que recoñecer que hai unha propiedade, non momento en que estamos que está disposta a prantexar un convenio destas características, é de agradecer; o BNG llo recoñece ós propietarios, ós dous. En segundo lugar, que o concello reciba gratis tres mil metros cadrados mais mil e pico para viario, mais toda a zona verde, non está nada mal. Terceiro, con respecto á afirmación de que o PXOM e a normativa obriga ós propietarios a facer o sistema xeral, non é así, non é posible, non se desenvolvería. ¿Quén estaría disposto a facer un aproveitamento urbanístico de 20 pisos se ten que facer o sistema xeral desta vía?. Non é posible facelo. Hai que delimitar a través dun plan especial de reforma interior e xustificar efectivamente. ¿Acaso pensa que a Área de Reparto 122 que ten este aproveitamento con estas cargas ten o mesmo aproveitamento que a do lado que non ten estas cargas? Eso é o que hai que demostrar, para eso está o aproveitamento medio. Non discute o que dí a lei no artigo 29, recoñece, pero tamén dí outras cousas. É llo dí á propiedade que se lle van facer as beirarrúas e outros porque van a conta do propietario, pero a lei tamén haberá que interpretala en sentido favorable ós intereses municipais desde un punto de vista xusto e equilibrado no trato, e o que hai que demostrar é que o aproveitamento desta Área de Reparto, no reparto de cargas e beneficios é ponderado, non lle estamos dando ningún privilexio, ó marxe de que o concello teña todo o interés, porque ¿quén vai facer cesións de espazos se está paralizada a actividade urbanística?, pregúntase o Alcalde. Haberá que encontrar fórmulas que desbloqueen a situación. O Alcalde móstrase aberto a que o grupo popular lle faga suxerencias que permitan axudar a desenvolver o convenio, pero mais que atopar solucións, plo que se escoita parece que queren por paos nas rodas. Entende que o convenio debe aprobarse, expoñerse a información pública e a partir de ahí, claro que o seu grupo estará aberto a colaborar, a escoitar e facer as posicións que se consideren e tamén defender a legalidade do mesmo, conclúe.

Antes de someter o asunto a votación o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, pide un informe do Secretario municipal sobre a legalidade urbanística do convenio proposto facendo fincapé nos artigos 29 da Lei do Solo de Galicia e 43 do seu Regulamento, así como os artigos 168.4 da LSG e 398.4 do Regulamento. O lóxico será esperar a ter diante de todos nós o informe do Secretario e pronunciamos a continuación. Considera que é importante dispor deste informe para poder tomar unha decisión conxunta entre todos.

Intervén a continuación o Secretario para sinalar que, de todos xeitos ésta non é mais que unha aprobación inicial que se somete a información pública e, se ben non é este o momento oportuno para pronunciarse sobre as distintas cuestións legais pratexadas, ademais dos preceptos citados, tamén conviría non descoñecer o que ao respecto establece o artigo 98 da LSG que dispón que *a delimitación de áreas de repartición efectuarase tendo en conta o equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas, así como a proporcionalidade entre a edificabilidade resultante e as cargas e dotacións previstas* e, no apartado 2º, que *serán incluídos nas áreas de repartición os terreos destinados a sistemas xerais, agás cando a súa propia magnitude determine a improcedencia de que sexan obtidos a través dos sistemas de repartición de cargas e beneficios*. Habería que ver, por tanto, cómo están as áreas en canto ao reparto das cargas e beneficios entre todas elas, sería moi conveniente coñecer exactamente ese equilibrio que debería haber entre elas e que debería facer a Arquitecta municipal para determinar se a un propietario ou a un grupo de propietarios, neste caso os da Area de Reparto nº 122, se lle poden impoñer as cargas de cesión propias da área e tamén a execución do vial que é un sistema xeral.

Conclúe o Alcalde sinalando que o convenio non ven con ningunha advertencia de ilegalidade polo que hai que entender que cumpre perfectamente.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de obras e urbanismo de data 13.03.2018,

O Pleno, pola maioría absoluta do número legal dos seus membros, co voto favorable do BNG (9) e PsdeG-PSOE (1), co voto en contra do PP (3), ACORDA:

PRIMEIRO. Ratificar o convenio urbanístico de data 6 de marzo de 2018, correspondente á Area de Reparto nº 122 (AR-122) do PXOM, negociado e subscrito polo Sr. Alcalde, don Francisco García Suárez, no nome e en representación do concello de Allariz, con don Manuel Baltar Sobrino, maior de idade, casado con dona Benita Domínguez Vázquez, con domicilio en Ermua (Bizkaia) Zeharkalea nº 12, 6º B, con DNI núm. 34539632A e 34563191X, respectivamente, que figura como anexo I da presente acta.

SEGUNDO. Someter o citado convenio urbanístico a un trámite de información pública mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e no periódico La Región de Ourense por un período dun mes.

Concluído o trámite de información pública, o órgano que negociou o convenio - o Alcalde - deberá elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da cal se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu caso, renuncia.

No caso de que non se presentaran alegacións ou suxerencias dentro do prazo de exposición pública, elevarase a definitivo o texto inicial do convenio de data 6 de marzo de 2018.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución do presente acordo.

## **7. Rogos e preguntas.**

Non se presentaron por escrito.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formulou oralmente as seguintes:

1. En relación co punto nº 5 da orde do día, considera que para a redacción do proyecto multiusos procedería facer un concurso de ideas, roga que se faga a través dun concurso de ideas.

Responde o Alcalde sinalando que a verdade é que a súa posición é un pouco contradictoria porque por unha parte están votando en contra dun convenio que pode facilitar esa construción e por outra están pedindo que se convoque un concurso de ideas para que se faga. Afirma o Alcalde que o concello de Allariz é unha administración bastante apañada á hora de aproveitar os seus recursos; sen dúbida, se tiveran a posibilidade de facer ese concurso cunha dotación para que se presentaran propostas, de partida a posición do grupo de goberno é que os técnicos municipais fagan un esbozo a partir do cal, se os grupos municipais o consideran atinado, sería o propio concello quen realizaría o proxecto técnico.

2. O grupo municipal do Partido Popular recorda a carencia dos servizos de saneamento en moitos núcleos do municipio e solicita que, polo menos, se faga, pou a pouco, un estudo e que se leven a cabo as obras para solucionar de forma urxente o problema que hai en San Vitoiro onde hai 18 casas que seguen carecendo de saneamento xeral. Píde que se vaian solucionando estes problemas e que se empece por San Vitoiro que é posiblemente o núcleo que ten mais carencia de saneamento xeral.

Responde o Alcalde sinalando que en San Vitoiro o 99% da poboación probablemente ten servizo de saneamento igual que teñen saneamento o 99% dos pobos, dos veciños e veciñas de Allariz. Recorda, como xa ten insistido moitas veces, que saneamento non implica que teña que haber en todos os casos unha rede con un tratamento específico, hai solucións tamén individuais que funcionan cando as vivendas son ailladas, ao mellor incluso mais favorables que esa outra solución de fosa séptica, estamos contribuíndo co 50% eses casos aillados no custe do vaciado desa fosa. Entende que o PP teña esa prioridade pero o grupo de goberno entende que paulatinamente os casos que podan quedar iranse abordando pero que non é un asunto que esté sendo un problema grave.

3. No tema da adecuación da iluminación, parece que estamos no pelotón dos torpes, e vai sendo hora de que o concello de Allariz toma as medidas necesarias para substituír dunha vez as luminarias que temos en todo o conxunto do municipio, por un tipo de luminarias tipo Led, porque se ó final hai que facelo, canto antes mellor.

Responde o Alcalde sinalando que tomka en consideración o rogo pero entende que, en todo caso, o alumeadado público municipal é un alumeadado que funciona con regularidade, que todas as vivendas teñen iluminación diante da mesma e, en relación ó aforro enerxético, entende que hai que priorizar. Sabe que non hai coincidencia neste punto co grupo popular, que considera que éste é un pobo sen luz, pero o grupo de goberno decantouse por unhas políticas de aforro apagando algunha liñas, como foi un dos laterais de Pardo Bazán. Considera que hai cousas como a intensidade lumínica, a capacidade de desenvolver unha vida con garantías, non afecta; apagouse incluso a iluminación monumental. Se os prezos da luz foran doutra índole probablemente se podería ter outra solución, pero tamén temos que priorizar, e o grupo de goberno ó mellor prioriza o Auditorio, mentras que o Partido Popular ó mellor prioriza outros investimentos.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e vinte minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como*



*Secretario, certifico e dou fe. O ALCALDE, Francisco García Suárez. Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.*

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.*